

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

[Conto Tipo 56 A] As peguiñas e o lobo

Na fragha do Vicaño, na ponla máis alta do ghrande carballo tiñan o seu niño unha pegha e as súas sete peghiñas. Alí Evivían felices ata que un día cheghou un lobo ghrande coma un mundo e máis malo có demo. E como o lobo cheirara as peghiñas, achegouse onda o carballo e berrou con todas as forzas:

- Peghiña deste peghal, dasme unha peghiña dás?
- Non che darei non, que as miñas peghiñas son.
- Escarrapíchate meu rabo e tira con este carballo !!!

Ouleou o malvado lobo mentres abaneaba a árbore con toda a súa forza, ata que a pegha moi asustada botoulle unha peghiña que o lobo papou dun bocado antes de que caera ó chan e logho marchou para a súa cova.

Pero ó día seghinte o conto volveuse repetir:

- Peghiña deste peghal, dasme unha peghiña dás?
- Non che darei non, que as miñas peghiñas son.
- Escarrapíchate meu rabo e tira con este carballo!!!

E así cada día ata que no niño só quedaba unha peghiña. Pero naquela ocasión cando o lobo volveu á fragha, de detrás do carballo saiu o leñador que o estaba agardando cun caxato na man e que bateu no lombo e no bandullo do animal ata que sairon para fóra as peghiñas que marcharon voando para o seu niño, e o lobo doente liscou a todo correr e nunca máis voltou polo Vicaño.

Nota do informante.

Este conto contábamo a miña tía Aurita Galiñanes en Sanxenxo aló polo 1947. Ela dicíao con gheada tal como eu o transcribo. O Vicaño é un pequeno outeiro polo norte da praia do Silgar, que se vía dende o casal dos avós, xusto no outro extremo da praia.

[Texto remitido por Emilio Rodríguez Galiñanes, residente en Vigo. Marzo de 2008]